

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- Fabiola García destaca que Galicia será en 2020 a comunidade autónoma de España con máis apoios para as familias con fillos
- O Observatorio de Dinamización Demográfica avala a Lei de impulso demográfico de Galicia
- Fabiola García aposta por achegar servizos de conciliación ao rural para acadar o equilibrio territorial
- A Xunta incrementa o anticipo da axuda anual pola actividade das casas niño ao pasalo do 35% ao 75%
- A Xunta incrementa o crédito do Bono Concilia en 1,1 millóns de euros para conceder a axuda a todas as familias que o solicitaron
- As escolas infantís de Galicia serán gratuítas para o segundo fillo e sucesivos a partir do 1 de abril
- A Xunta e a Fundación Amancio Ortega colaborarán para poñer en marcha sete novos Centros Públicos de Atención Integral ás Persoas Maiores nas principais cidades de Galicia
- Política Social multiplicará por dez o alcance do autobús de Coidados porta a porta para chegar a 200 concellos
- A Xunta reforzará o Servizo de Axuda no Fogar para atender a 2.100 persoas maiores dependentes máis nos próximos meses
- Feijóo afirma que Galicia seguirá sustentando o seu compromiso coa discapacidade en feitos e con máis fondos ca nunca: 115 M de euros en 2020 para facer fronte ás súas necesidades e de cara á plena inclusión
- A poboación galega que peor o está a pasar diminúe nun 60% nesta lexislatura
- Europa premia a Galicia polo seu traballo a prol da inclusión social
- A Xunta aproba, un ano máis, o complemento extraordinario de 206 euros para os 38.500 perceptores das pensións máis baixas
- A Xunta porá en marcha o programa 'Voluntariado no Camiño' para informar aos peregrinos sobre o patrimonio cultural e os servizos de cada zona
- Feijóo avanza a posta en marcha do Plan estratéxico de xuventude 2019-2021
- Días internacionais.

ESTADÍSTICAS

- Padrón de habitantes en 1 de xaneiro de 2019
- Proxeccións de poboación 2016-2031



ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.

PUBLICACIÓNS

- Catálogo de publicacións na web

NORMATIVA

- Diario Oficial de Galicia
- Comunidades Autónomas
- Boletín Oficial do Estado

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2018. BdB. Boletín de Bienestar, 2018

Edita:
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://biblioteca.xunta.gal/gb/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-15-xullo-agosto-2018>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirla igual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

Este número extraordinario que presentamos, abarca a publicación do boletín desde o inicio do outono de 2018 ata o final de 2019. Presentámolo como un número acumulativo respectando a súa estrutura orixinal e sintetizando o máis salientable das políticas sociais levadas a cabo por esta consellería ao longo deste período.

Iníciase ese outono de 2018 coa incorporación dun novo equipo directivo ao fronte da Consellería e caracterizado polas políticas continuistas do anterior equipo. Esta continuidade reflíctese no incremento da contía nas axudas á dependencia e á autonomía persoal, no desenvolvemento de programas que melloran o benestar dos nosos maiores e o emprendemento e as capacidades da nosa xuventude.

A protección do menor e a ampliación de recursos que favorecen a conciliación e a atención á primeira infancia son tamén obxecto de preocupación dos novos responsables do Goberno galego.

No eido da inclusión, as políticas do departamento desenvolven medidas tendentes a obter as habilidades básicas necesarias para obter a inclusión laboral e a integración social dos máis desfavorecidos.

Por último, e como un novo avance a todo o anterior, o impulso demográfico vese reflectido na elaboración da futura Lei de impulso demográfico, xa en tramitación, e no feito de ter en conta a perspectiva demográfica no deseño e no desenvolvemento das políticas públicas deste departamento.

Fabiola García destaca que Galicia será en 2020 a comunidade autónoma de España con máis apoios para as familias con fillos

Os fondos para Política Social incrementáanse un 6% ata os 776 millóns de euros

- ▶ As contas inclúen unha partida ampliable para que a educación infantil de 0 a 3 anos sexa gratuíta en todas as escolas de Galicia para os segundos fillos e sucesivos a partir do vindeiro ano
- ▶ Incrementaranse nun 12% as remuneracións para as persoas responsables das casas niño abertas en 2017
- ▶ A partir de 2020 todas as persoas que acollen en familia extensa terán as axudas económicas que xa teñen o 100% das que acollen en familia allea
- ▶ Soben un 16% os fondos para a Campaña de Verán co obxectivo de que a edición do vindeiro ano sexa a mellor da historia
- ▶ Crece a partida para axudas de dependencia e dótanse os fondos para duplicar o número de casas do maior e para estender a 200 concellos o autobús de Coidados porta a porta
- ▶ A conselleira salienta o aforro que suporán para as galegas e galegos os sete novos centros de atención á maiores nas principais cidades galegas que financiará a Fundación Amancio Ortega, e cos que se porán á disposición das familias 900 novas prazas públicas

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2019.-A conselleira de Política Social, Fabiola García, destacou que Galicia será en 2020 a comunidade autónoma de España con máis apoios para as familias con fillos. "Ningunha outra comunidade ten unha Tarxeta Benvida tan completa como a nosa, unha rede de casas niño que chega ata os concellos máis pequenos ou unha educación infantil de 0 a 3 anos gratis para os segundos fillos e sucesivos", asegurou.

Díxoo durante a comparecencia no Parlamento de Galicia, na que avanzou que os fondos da Consellería de Política Social para 2020 ascenden a 776 millóns de euros, un 6% máis que neste exercicio, o segundo maior incremento do Goberno autonómico. Neste sentido, apuntou que os presupostos son os máis altos

destinados á área social na historia da comunidade e que superan nun 65% o investido en 2009.

Fabiola García detallou a repartición das dotacións orzamentarias para unha medida que converterá a Galicia na referencia a nivel nacional: a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos para os segundos fillos e sucesivos. En primeiro lugar, as escolas infantís da rede pública da Xunta de Galicia e as prazas públicas concertadas en escolas privadas introducirán esta medida a partir do primeiro trimestre de 2020. En segundo lugar, no caso das escolas infantís privadas e de iniciativa social, contéplase unha partida económica inicial de máis de 6,7 millóns de euros que será ampliable se fose necesario para atender toda a posible demanda. En terceiro lugar, as escolas infantís dependentes dos concellos

contarán tamén con financiamento da Xunta para implantar esta medida, sempre e cando estean ao día das súas liquidacións co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Máis facilidades para conciliar

O orzamento de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica é o que máis crece da Consellería con respecto a 2019: un 12,8%, para situarse nos 160,9 millóns de euros. Unha subida que repercute en máis axudas e recursos para as nais e pais en materia de conciliación. Aumentan nun 38% os fondos do programa da Tarxeta Benvida ata acadar os 8,7 millóns de euros. Esta suba permitirá que o importe desta achega económica para os terceiros fillos e sucesivos sexa de 2.400 euros, desde os 0 ata os 3 anos. Ademais, a

contía incrementábase nun 25% para as familias que teñen fillos en concellos de menos de 5.000 habitantes, ata os 1.500 euros polo primeiro e segundo; e ata os 3000 para o terceiro e sucesivos.

Incidíu en que é prioritario favorecer a harmonización da vida familiar e laboral no rural. Por iso, o orzamento de 2020 reforzará o programa de casas niño con 620.000 euros que darán a posibilidade de estendelas aos 23 concellos que na actualidade non teñen ningún recurso de conciliación. Así mesmo, este reforzo permitirá aumentar nun 12% a remuneración das casas niño máis veteranas, as que levan funcionando xa tres anos: os fondos anuais serán de 22.000 euros ao ano por promotora.

Fabiola García puxo o foco na importancia da corresponsabilidade das empresas para

favorecer a conciliación. Con este obxectivo, os orzamentos para o ano 2020 contan con 300.000 euros para impulsar unha proposta pioneira destinada a financiar coidadores para poñer en marcha recursos de conciliación nos lugares de traballo.

No ámbito da protección da infancia e a adolescencia, as novidades para o vindeiro ano pasan pola creación de 42 novas prazas en centros de menores ás que se destinan 970.000 euros e o reforzo da atención aos menores que están a cumprir medidas xudiciais nos centros Concepción Arenal da Coruña, Montefiz e Monteledo de Ourense, e no centro de intervención educativa en medio aberto da cidade herculina. Tamén se mellorará o programa de acollemento ao ampliar ás persoas que acollen en familia extensa, a remuneración que xa perciben o 100% dos participantes no acollemento en familia allea.

Programas innovadores de atención aos maiores

Fabiola García abordou na súa intervención o crecemento das prestacións dirixidas aos maiores e persoas con discapacidade, aos que se destinan 6 de cada 10 euros xestionados pola Consellería de Política Social. En concreto, a contía para 2020 ascende a 450 millóns de euros, un 5,2% máis que este ano.

Esta maior dispoñibilidade económica fai posible que volva crecer a partida das prestacións para persoas dependentes, ata situarse en 81,8 millóns de euros, un 6,2% máis que en 2019. Tamén sobe o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), que o fai un 1,6% ata os 76,3 millóns de euros.

A conselleira referiuse a outros programas innovadores que se impulsan nos orzamentos de 2020. É o caso das casas do maior, cuxas prazas se duplicarán co obxectivo de rematar a lexislatura con 60 destes minicentros de día totalmente gratuítos nos



A conselleira de Política Social explicou no Parlamento de Galicia as contas do seu departamento para o ano 2020

concellos pequenos. Así mesmo, elévanse un 68% os fondos destinados a atender ás nenas e nenos con discapacidade na Rede galega de atención temperá e presupóstanse 1,9 millóns de euros para multiplicar por dez o alcance do autobús de Coidados porta a porta, que levará por 200 concellos galegos servizos de podoloxía, optometría e apoio ás persoas maiores.

Con todos estes investimentos, Galicia consolidará e ampliará o acadado en materia de dependencia nos últimos anos. En canto á cobertura do sistema, cuaduplicouse desde 2009 o número de persoas dependentes atendidas ata superar a cifra histórica de 60.000. E no referente ás contías, neste ano incrementáronse entre un 10% e un 75% as axudas para coidados na contorna familiar, asistente persoal ou bonos de residencia.

Inclusión a través do emprego

Facilitar o camiño cara ao emprego das persoas en situación e risco de vulnerabilidade

é o obxectivo no que se centran as actuacións da Consellería de Política Social en materia de inclusión. Unha meta que Fabiola García enmarcou no novo decreto da Risga aprobado este ano para incentivar ás persoas que perciben esta renda a seguir formándose de cara á inserción no mercado laboral.

En total, a Consellería reserva 120,2 millóns de euros para políticas de inclusión social nas contas de 2020. Este montante inclúe unha suba do 3%, ata os 3,3 millóns de euros, das axudas de Inclusión Social que perciben as persoas con necesidades urxentes. Ademais, consígnanse fondos para desenvolver as medidas do Plan de atención ás persoas sen fogar, en especial aquelas que favorecen o acceso á vivenda. Incrementábase por riba do 42%, ata os 3,4 millóns de euros, a partida para colaborar cos concellos na atención ás persoas sen recursos; crecen tamén un 37% os fondos destinados a centros de acollida para crear 21 novas prazas públicas; e a nova orde de axudas

ás entidades sociais que loitan contra a pobreza acadará na súa convocatoria de 2020 o importe récord de 18 millóns de euros.

Por último, experimenta un aumento do 25% o diñeiro dirixido á rede pública de centros sociocomunitarios, que acada os 2,3 millóns de euros para continuar a dinamizar estes espazos que utilizan cada ano máis de 45.000 galegas e galegos.

A mellor Campaña de Verán da historia

No apartado de Xuventude, a aposta da Consellería céntrase nos programas de voluntariado, tempo libre e educación non formal, e ten entre os seus obxectivos facer que a Campaña de Verán de 2020 sexa a mellor da historia. Para iso, esta iniciativa contará con 3,5 millóns de euros, o que supón unha suba do 18% con respecto á edición deste ano.

Crece tamén un 29% a partida para organizar actividades como Parlamento Xove ou Xuventude Crea, ata superar os 815.000 euros; así como os

Actualidade

fondos de Galeuropa, que aumentan un 12% coa finalidade de favorecer que as nosas mozas e mozos realicen prácticas formativas no estranxeiro.

Entre as iniciativas novidasas de Xuventude que se implantarán nos vindeiros meses destacan os premios Talento Mozo, xa convocados, que recoñecerán a galegas e galegos de menos de 30 anos que destaquen en diversos ámbitos; ou as axudas para obter o carné de conducir e mellorar así a empregabilidade da xuventude, para as que se presupostan máis de 760.000 euros.

O desenvolvemento destas iniciativas é posible grazas ao 6% de incremento das contas de Xuventude para 2020, ata dispoñer dun montante global de 17,7 millóns de euros.

Melloras na rede pública de servizos sociais

Fabiola García tamén se detivo na súa comparecencia nos principais investimentos para mellorar a rede pública de centros de servizos sociais. Destes, destacou os máis de 90 millóns de euros que achegará a Fundación Amancio Ortega para financiar o 100% da construción e o equipamento de sete novos centros públicos de maiores nas sete grandes cidades, que suporán 900 novas prazas públicas. Esta actuación trae consigo un importante aforro para as galegas e galegos que se reorientará para fins sociais.

A conselleira tamén puxo o acento noutras intervencións en escolas infantís, centros de atención á discapacidade e residencias de maiores da nosa comunidade.

Seguiranse creando prazas públicas coa ampliación dos centros de Pontedeume, Arzúa, Cedeira e Salvaterra e as novas de Paderne de Allariz, A Guarda e As Neves. Resérvanse 3,5 millóns de euros para a construción do novo Centro público de atención a persoas con discapacidade de Ourense (CAPD), con 110 novas prazas públicas.

Fabiola García sinalou tamén as melloras que se acometerán na residencia de Campolongo, por valor de 3,5 millóns de euros; no centro de menores Avelino

Montero, no que se investirán 1,3 millóns de euros; e no centro de atención a persoas con discapacidade da Coruña, que contará con 2 millóns de euros, e apuntou diversas obras en residencias de maiores como as de reforma integral do centro de Ferrol, por 1,8 millóns de euros; as de remate da ampliación da residencia de Cerdedo, cun investimento de 1,7 millóns de euros; ou as melloras nas instalacións de Burela e de Barbadás.

Documentos relacionados:

- **Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191227/AnuncioC3B0-231219-0001_gl.pdf

<http://orzamentos.xunta.gal/>

The screenshot displays the official website of the Xunta de Galicia for the 2020 budget. At the top, the Xunta de Galicia logo is visible on the left, and navigation links for 'O ORZAMENTO', 'ACTUALIDADE', 'DATOS ABERTOS', and 'PUBLICACIÓNS' are in the center. On the right, there's a 'CASTELLANO | GALEGO' language selector and a '2020 ORZAMENTOS' badge. The main content area features a large blue banner with the text 'Visión interactiva do orzamento 2020'. Above this banner, there are several data visualizations including a bar chart, a line graph, and circular progress indicators showing percentages like 50%, 70%, 100%, 25%, and 75%. Below the banner, there are three photographs showing officials in meetings or press conferences.

O Observatorio de Dinamización Demográfica avala a Lei de impulso demográfico de Galicia

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2019.- A conselleira de Política Social, Fabiola García, presentou ao pleno do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica o texto do Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia tras a toma en consideración das alegacións recibidas. Este foro consultivo, no que están representadas as Administracións públicas, os partidos políticos, as Universidades, os sindicatos, a patronal e outros axentes sociais, acolleu positivamente esta proposta normativa.

Fabiola García explicou que, unha vez superado o período de información pública, tiveronse en conta o 80% das 336 alegacións que presentou a sociedade civil galega, tanto grupos parlamentarios como entidades sociais, expertos universitarios, axentes económicos e particulares. O 55% delas incluíuse de xeito literal no texto da Lei de impulso demográfico, o 25% fan referencia a principios que xa están regulados noutras normas e que polo tanto son de obrigado cumprimento e tan só menos do 20% foi desbotado por non ter encaixe conceptual dentro desta lei.

A conselleira agradeceu a todas as persoas que, a título individual ou en nome dunha organización, fixeron achegas á Lei, e asegurou que todas elas poden ver hoxe a súa pegada no novo texto. Un feito que pon de manifesto a vocación de consenso e de permanencia coa que o Goberno galego está a impulsar esta normativa. En concreto, engadíronse á normativa catro novos artigos e unha disposición, e modificáronse 29 artigos e catro disposicións.

Avances na tramitación

Logo de contar co aval do Observatorio, a tramitación da

- ▶ Tivéronse en conta o 80% das alegacións que presentou a sociedade civil galega, tanto grupos parlamentarios como entidades sociais, expertos universitarios, axentes económicos e particulares
- ▶ Engadíronse á normativa catro novos artigos e unha disposición, e modificáronse 29 artigos e catro disposicións
- ▶ Prevese un investimento de máis de 700 millóns de euros ao ano para executar as diversas medidas que contempla a Lei, que comezarán a introducirse xa en paralelo á súa tramitación



A conselleira de Política Social explicou no Parlamento de Galicia as contas do seu departamento para o ano 2020

Lei de impulso demográfico avanzará no Consello Económico e Social de Galicia, para despois volver ser aprobada polo Consello da Xunta e finalmente debatida no Parlamento autonómico.

Prevese un investimento de máis de 700 millóns de euros ao ano para executar as diversas medidas que contempla a Lei, que comezarán a introducirse xa en paralelo á súa tramitación para que as familias galegas poidan beneficiarse o antes posible. Unha destas iniciativas, que se comezará a implantar en Galicia en 2020, é a introdución da gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos para os segundos fillos e sucesivos.

Documentos relacionados:

- ▶ O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou, na rolda de prensa do Consello, o avance na tramitación da Lei de impulso demográfico

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/44123/galicia-novo-paso-tramitacion-lei-impulso-demografico-amparo-80-das-achegas-presentadas>

- ▶ Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160811/AnuncioG0425-020816-0003_gl.html

- ▶ Decreto 68/2017, do 13 de xullo, polo que se modifica o Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170728/AnuncioG0425-180717-0001_gl.html

Actualidade

Fabiola García aposta por achegar servizos de conciliación ao rural para acadar o equilibrio territorial

- Deu conta das medidas levadas a cabo polo Goberno galego na conferencia 'El caso de Galicia: Impulso demográfico en la comunidad de los 30.000 pueblos'
- Explicou o éxito de programas innovadores como as casas niño, as casas do maior, Xantar na casa ou os Coidados porta a porta

Sevilla (Andalucía), 25 de novembro de 2019.- A conselleira de Política Social, Fabiola García, participou en Sevilla na xornada El desafío demográfico en Andalucía: Escenarios presentes y futuros. Alí explicou as medidas levadas a cabo polo Goberno galego nesta materia e apostou por achegar servizos de conciliación ao rural para acadar o equilibrio territorial.

Fabiola García relatou durante a súa intervención, titulada El caso de Galicia: Impulso demográfico en la comunidad de los 30.000 pueblos, os programas impulsados desde o Executivo autonómico como as 60 casas niño xa en funcionamento, pequenas escolas infantís gratúitas dun

máximo de cinco nenas e nenos de 0 a 3 anos en municipios de menos de 5000 habitantes. Iniciativas que, concretou, permiten ofrecer todas as facilidades para que as persoas que decidan conformar unha familia no rural teñan os mesmos servizos que nas cidades.

Así mesmo, sinalou que estes proxectos tamén se estenden aos coidados dos maiores para o que a Xunta creou proxectos como a rede de casas do maior, formada actualmente por unha trintena, e que funcionan como centros de día totalmente gratúitos que ofrecen servizos preto dos seus fogares. Tamén puxo como exemplo o autobús de Coidados porta a porta, que



A conselleira de Política Social, Fabiola García, participou en Sevilla na xornada El desafío demográfico en Andalucía: Escenarios presentes y futuros

este ano levou a 20 municipios rurais de toda Galicia servizos de podoloxía, optometría e estimulación da memoria ou o programa Xantar na casa, que reparte a domicilio en 177 concellos menús saudables e equilibrados para cada día da semana.

Neste sentido, a conselleira de Política Social explicou que a boa aceptación destas medidas

leva á Administración autonómica a amplialas. Así, o Goberno galego traballa para que antes do remate desta lexislatura o 100% dos concellos contan cun recurso de conciliación; duplicar o número de casas do maior ata chegar ás 60 e multiplicar por 10 o alcance do autobús de coidados porta a porta para que se estenda a 200 municipios.

A Xunta incrementa o anticipo da axuda anual pola actividade das casas niño ao pasalo do 35% ao 75%

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.- A Xunta de Galicia incrementa do 35% ao 75% o anticipo da axuda que perciben cada ano as persoas titulares das casas niño polo servizo de conciliación que prestan de maneira gratuíta ás familias. O obxectivo desta medida é ofrecer ás persoas responsables destas pequenas escolas infantís no rural maior liquidez e flexibilidade económica no desempeño da actividade.

O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 221, do 20.11.2019) publica esta e outras melloras introducidas polo Goberno galego na convocatoria de axudas para

a creación destes recursos no rural, as cales se estenden agora para as que xa levan funcionando desde os anos 2017 e 2018.

Unha segunda novidade que se incorpora e a da obrigatoriedade das nenas e nenos que acudan á casa niño cumpran o calendario de vacinación infantil. Tamén se establece que o criterio prioritario para a admisión sexa o empadramento no concello e, despois, os baremos de renda, a situación familiar e a laboral ou académica para supostos nos que a solicitude de prazas supere a oferta dispoñible e o criterio do empadramento no concello resulte insuficiente.

Documentos relacionados:

- Orde do 16 de xullo de 2019 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019, 2020, 2021 e 2022 (código de procedemento BS403C). (DOG nº 142, do 29.07.2019).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190729/AnuncioG0425-170719-0001_gl.html

- Orde do 11 de novembro de 2019 pola que se modifica a Orde do 17 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas niño, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2018, 2019, 2020 e 2021. (DOG nº 221, do 20.11.2019).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191120/AnuncioG0425-121119-0002_gl.html

A Xunta incrementa o crédito do Bono Concilia en 1,1 millóns de euros para conceder a axuda a todas as familias que o solicitaron

- Os fondos desta iniciativa aumentan ata os 4,6 millóns de euros para que 4100 familias se beneficien da axuda
- Desta maneira conséguese unha lista de agarda cero no curso 2019/2020

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019.- A Xunta de Galicia amplía o crédito do Bono Concilia en máis de 1,1 millóns de euros ata acadar unha contía global de 4,6 millóns. Esta medida permitirá que neste curso 2019/2020 as familias beneficiadas por esta axuda directa sexan 4100 e que todas as que a solicitaron a reciban. Esta iniciativa permítelles elixir a escola infantil que desexan para os seus fillos e fillas a aquelas familias que teñan dereito a unha praza pública e non accedesen a ela.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica este incremento, que ten como obxectivo que reciban esta axuda todos os solicitantes que cumpran cos requisitos establecidos na convocatoria. De feito, dispoñer de maior marxe orzamentaria fará posible que non haxa lista de agarda nos centros de atención á infancia de 0 a 3 anos.

Ao igual que nesta ocasión, xa en convocatorias anteriores leváronse a cabo ampliacións de crédito neste programa, que non ten un límite de gasto prefixado para non deixar a ningunha familia sen achega no caso de que lle corresponda. Con esta ampliación, máis de 1.200 familias se incorporan como beneficiarias do Bono Concilia, polo que se lles axudará a pagar o custo da escola infantil que elixiron para as súas fillas e fillos desde setembro.

A contía da axuda que se percibe por cada praza de xornada completa oscila entre os 45 euros mensuais para as rendas máis altas e os 250 euros (con servizo de comedor incluído) para as rendas máis baixas. Cómpre destacar que o Bono Concilia é compatible con outras axudas que poidan recibir as familias para a mesma finalidade

sempre que non superen o custo da praza.

Maior cobertura

O Bono Concilia constitúe un recurso máis que a Consellería de Política Social pon á disposición das familias para facilitar a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, pois facilita o acceso dos nenos e nenas a unha praza de escola infantil. Ao

respecto, cómpre indicar que na actualidade o número de prazas en escolas de 0 a 3 anos que dependen da Xunta de Galicia ou nas que participa a Administración autonómica son máis de 25.000, máis do dobre que en 2009.

Esta cifra sitúa a Galicia nunha ratio de cobertura do 44%, once puntos por riba da mínima aconsellada pola Unión Europea.

Documentos relacionados:

- Orde do 29 de maio de 2019 pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Bono concilia, e se procede á súa convocatoria para o curso 2019/20. (DOG nº 110, do 12.06.2019).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190612/AnuncioG0425-290519-0001_gl.html

- Orde do 28 de novembro de 2019 pola que se fai público o incremento do crédito das axudas previstas na Orde do 29 de maio de 2019 pola que se regulan as axudas económicas para a atención da primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do programa Bono concilia, e se procede á súa convocatoria para o curso 2019/20. (DOG nº 230, do 03.12.2019).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191203/AnuncioG0425-281119-0003_gl.html

<http://www.bonoconcilia.gal/>

BONO CONCILIA

INICIO

Q

GALEGO

BoNo

CoNCILIA

Bono Concilia é un programa de axudas económicas directas ás familias para contribuir ao pagamento dunha praza nunha escola infantil 0-3 privada da súa elección.

Actualidade

As escolas infantís de Galicia serán gratuítas para o segundo fillo e sucesivos a partir do 1 de abril

- ▶ A gratuidade implantarase tanto nas escolas infantís públicas da Xunta como nas concertadas e tamén nas privadas e de iniciativa social que desexen acollerse
- ▶ Feijóo recalca que esta iniciativa, pioneira e sen precedentes en toda España, beneficiará a 12.500 nenas e nenos e ás súas familias
- ▶ A Xunta investirá neste 2020 máis de 14 millóns para introducir esta medida
- ▶ A partir do vindeiro curso 2020/2021, o Goberno galego tamén achegará fondos para que as escolas infantís municipais introduzan tamén a gratuidade para segundos fillos e sucesivos



O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, visitou a escola infantil compostelá de Santa Susana, rehabilitada cun investimento de 1,3 millóns de euros

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2020.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, confirmou que Galicia iniciará neste 2020 a universalización da educación infantil, que permitirá que a partir do 1 de abril as escolas infantís de 0 a 3 anos sexan gratuítas para todas as familias galegas para os segundos fillos e sucesivos. Feijóo fixo este anuncio durante unha visita ás instalacións da escola infantil de Santa Susana, en Santiago, un edificio histórico que a Xunta remodelou cun investimento de 1,3 millóns de euros.

Alí, o presidente da Xunta precisou que a gratuidade para os segundos fillos e sucesivos implantarase tanto nas 173 escolas públicas da Xunta como nas 260 escolas infantís privadas e de iniciativa social, tanto nas que xa están concertadas a día de hoxe como nas que non o están. Destas últimas, as que desexen voluntariamente adherirse a esta medida contarán co apoio económico do Goberno galego.

Esta iniciativa, pioneira e sen precedentes en toda España, beneficiará ás familias duns 12.500 nenos. Feijóo explicou que para levala a cabo a Xunta investirá neste 2020 máis de 14 millóns de euros.

Ademais, a partir do próximo curso o Goberno galego tamén achegará fondos para facilitar

que as escolas infantís municipais poidan introducir a gratuidade para os segundos fillos e sucesivos. Para acollerse a este beneficio, será preciso que o concello en cuestión non teña débedas co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en relación coa obriga de cofinanciar as escolas infantís e centros de día.

Gratuidade da atención infantil no rural

Ao longo da súa intervención, Feijóo recordou que esta vocación de Galicia de converterse en referente na gratuidade da atención aos nenos desde os seus primeiros pasos non é novidosa, xa que desde 2016 as familias que viven en concellos de menos de 5.000 habitantes xa teñen acceso a un servizo 100% gratuíto coas casas niño.

Durante á visita á escola infantil de Santa Susana, na que se educan máis de 60 nenas e nenos, Feijóo agradeceu o traballo e o compromiso das profesionais destes centros, que son un pilar fundamental na aposta de Galicia por unha educación infantil con vocación de excelencia.

O presidente do Goberno galego concluíu incidindo no compromiso da Xunta cunha educación infantil de calidade e coa conciliación da vida familiar e laboral. Nesta liña, lembrou que a Xunta duplicou desde 2009 as

prazas públicas ata chegar ás 25.000; introduciu un servizo de proximidade e calidade nas zonas rurais coas 75 primeiras casas niño, que este ano se estenderán ao 100% dos concellos galegos máis pequenos; e reforzou prestacións como o Bono Concilia para que as familias que non accedan a unha praza pública poidan escoller escola infantil.

Por último, lembrou que no primeiro trimestre deste ano a Xunta de Galicia levará ao Parlamento autonómico a primeira Lei de impulso demográfico de España, que incluírá, entre outras iniciativas, medidas para dar un novo pulo á conciliación, coa ampliación dos horarios das escolas públicas infantís.

Documentos relacionados:

▶ Escolas infantís.

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/familia-e-infancia/escolas-infantis>

▶ As nenas e nenos galegos nados a partir do de xaneiro xa teñen dereito á Tarxeta Benvida mellorada da Xunta.

<https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/46059/nenas-nenos-galegos-nados-partir-xaneiro-tenen-dereito-tarxeta-benvida-mellorada>

<https://politicassocial.xunta.gal/es/recursos/planes-y-programas/tarxeta-benvida>

▶ A Xunta incrementa os fondos para conceder a máis de 1.700 familias a prestación económica por fillas e fillos menores de tres anos.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191230/AnuncioG0425-231219-0001_gl.pdf

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/recursos/axudas/orde-do-20-de-marzo-de-2019-pola-que-se-establecen-bases-polas-que-se-rexera>

A Xunta e a Fundación Amancio Ortega colaborarán para poñer en marcha sete novos Centros Públicos de Atención Integral ás Persoas Maiores nas principais cidades de Galicia

- ▶ A FAO asumirá de maneira directa a construción dos inmobles e a dotación do equipamento necesario para o inicio da súa actividade, cun investimento inicialmente estimado en 90 millóns de euros
- ▶ Os sete Centros Públicos de Atención Integral ás Persoas Maiores, que se integrarán na rede pública autonómica, ofrecerán 900 prazas residenciais e crearán máis de 800 empregos directos
- ▶ Feijóo gaba o compromiso social da FAO e avanza que as residencias, que serán as mellores de Europa, "ofrecerán unha atención asistencial con vocación de excelencia", nuns edificios deseñados polo estudio galego Elsa Urquijo Arquitectos

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2019.-O

presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, presidiu o acto de sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Amancio Ortega (FAO), co obxectivo de poñer en marcha sete novos centros públicos de atención integral ás persoas maiores. Asinaron o documento a vicepresidenta primeira da FAO, Flora Pérez Marcote, e a conselleira da área, Fabiola García.

A Fundación Amancio Ortega levará a cabo e financiará de xeito íntegro a construción dos sete inmobles, así como o seu equipamento completo, cun investimento inicialmente estimado en 90 millóns de euros, converténdose no maior proxecto singular da historia da entidade. Tal e como salientou Feijóo, "o mecenado desta institución permite descargar ás arcas públicas dun importante investimento, cuxa contía seguirá encadrada no ámbito social, pero poderá reorientarse a outros fins".

Os sete centros públicos de atención integral ás persoas maiores incorporaranse á rede pública autonómica. En total, ofrecerán 900 prazas residenciais: 150 en Vigo e na Coruña e 120 en Ourense, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ferrol. O seu

funcionamento diario permitirá a creación de máis de 800 empregos directos no sector da atención aos maiores.

Atención ás persoas maiores para a década de 2020

Feijóo gabou o compromiso social da Fundación Amancio Ortega, que xa financiou a construción de seis escolas infantís públicas, dous centros interxeracionais en Ourense e Arteixo, e

a nova sede da Real Institución Benéfico-Social Padre Rubinos na Coruña, e fixo importantes doazóns á diagnose e tratamento do cancro nos hospitais públicos, entre outras actuacións. A colaboración entre a FAO e a Xunta é "unha mostra da vocación altruísta que late no seo da sociedade galega, tanto no sector público como nas súas entidades privadas", indicou.

Referíndose ás sete futuras residencias públicas, o presidente do Goberno galego apuntou que "ofrecerán unha atención asistencial con vocación de excelencia", que as levará a ser as mellores de Europa, nuns edificios deseñados polo estudo galego Elsa Urquijo Arquitectos. "A atención ás persoas maiores de Galicia dá un paso máis na procura da excelencia e demostra que está preparada para abordar os retos da década de 2020", subliñou.

O vicepresidente executivo da Fundación Amancio Ortega, José Arnau, agradeceu en nome da institución a confianza depositada nela, e subliñou a importancia de colaborar co maior esforzo posible para mellorar a calidade de vida dos nosos maiores.

Pola súa banda, a conselleira de Política Social enmarcou esta nova colaboración dentro da aposta que está a facer Galicia para ampliar e modernizar a rede pública de atención ás persoas maiores. As 900 novas prazas que se crearán nas sete principais cidades de Galicia contarán con servizos innovadores como as unidades psicoxerátricas, especializadas na abordaxe do Alzheimer e outras demencias. Fabiola García lembrou que, os últimos 10 anos, a comunidade autónoma incrementou un 42% o número de prazas públicas para maiores, ata chegar ás 8.000.



O presidente Feijóo presidiu a sinatura do convenio entre a FAO e a Consellería de Política Social

Actualidade

A Xunta reforzará o Servizo de Axuda no Fogar para atender a 2.100 persoas maiores dependentes máis nos próximos meses

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019.- O responsable do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou, na rolda de prensa do Consello da Xunta, o lanzamento inmediato dun Plan de reforzo do servizo de axuda no fogar que permitirá atender nos próximos meses a 2.100 persoas maiores dependentes máis por toda Galicia e

crear preto de 670 postos de traballo no ámbito social. Cun investimento de preto de 5 millóns de euros que se suma aos 76,4 millóns de euros orzados para cumprir en 2020 coa prestación do dito servizo.

A continuación e a modo de balance, Feijóo enumerou o amplo catálogo de recursos que o Goberno galego pon á

disposición das persoas maiores para seren atendidas nas súas casa cando comezan a necesitar apoio. Entre os que figuran: as axudas para coidados na contorna familiar, o xantar na casa en 1.300 fogares, a teleasistencia para 5.400 persoas ou o propio Servizo de Axuda no Fogar.

Finalmente, incidiu en que a través do referido Servizo de

Axuda no Fogar, que xestionan os concellos, pero financia nunha parte moi importante a Xunta de Galicia, reciben actualmente atención profesional 24.000 galegos e galegas en situación de dependencia, en torno ao 40% do total de persoas que reciben unha prestación ou servizo da Lei de dependencia.

Política Social multiplicará por dez o alcance do autobús de Coidados porta a porta para chegar a 200 concellos

- ▶ Durante o 2019 foron atendidas máis de 2.100 persoas de 20 concellos diferentes dentro desta iniciativa
- ▶ Este proxecto achega revisións en optometría, podoloxía, estimulación da memoria e outros servizos de apoio persoal aos maiores que viven no rural

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.- A conselleira de Política Social, Fabiola García, explicou esta tarde no Parlamento galego os resultados do programa de Coidados porta a porta impulsado este ano polo Executivo autonómico. Un servizo que achega revisións

de optometría, podoloxía, estimulación da memoria e outras prestacións ás persoas maiores que viven no rural.

A conselleira sinalou que durante o 2019 esta iniciativa atendeu a máis de 2.100 persoas de 20 concellos do rural. Ante a boa acollida deste proxecto o

Goberno galego ampliará o vindeiro ano a ruta do seu autobús ata multiplicala por dez e chegar a 200 concellos de Galicia.

Fabiola García lembrou que o obxectivo da Xunta de Galicia é ofrecer servizos de calidade ao maior número de maiores alí onde eles prefiran. Neste sentido salientou que son os propios usuarios os que demandan atencións nos seus propios domicilios e por iso, o Executivo autonómico continuará impulsando iniciativas que permitan ofrecer coidados

sen que os usuarios teñan que desprazarse.

Exemplo diso é o Servizo de Axuda no Fogar, que no próximo ano chegará a 24.000 usuarios; o programa Xantar na Casa, que leva comida os sete días da semana a preto de 200 concellos; o servizo de Teleasistencia que beneficia a 6.000 usuarios na nosa Comunidade ou a rede de casas do maior, pequenos centros de día no rural que chegarán a 60 no próximo ano.

<https://www.youtube.com/watch?v=MUFPGlw5Nio>



Documentos relacionados:

▶ Servizo de Teleasistencia.

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/recursos/plans-e-programas/programa-de-teleasistencia-da-comunidade-autonoma-galega>

▶ Programa Xantar na casa.

http://www.igualdadebenestar.org/interior.php?txt=arbore_web20&lg=galego

▶ Rede de casas do maior. Orde do 24 de agosto de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se convocan en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2018 e 2019. (DOG nº 171, do 07.09.2018).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180907/AnuncioG0425-290818-0001_gl.html

Feijóo afirma que Galicia seguirá sustentando o seu compromiso coa discapacidade en feitos e con máis fondos ca nunca: 115 M de euros en 2020 para facer fronte ás súas necesidades e de cara á plena inclusión

- Afirma que a Xunta seguirá apoiando ás entidades; reforzando a rede galega de atención temperá, e contando cos fondos necesarios para levar á práctica o primeiro Decreto de concerto social de Galicia**
- Salienta que a Comunidade é unha das autonomías que máis aposta polas prestacións públicas de asistente persoal, ás que destina unha contía récord de ata 1.700 euros ao mes**
- Recorda que nos últimos dez anos incrementouse un 25% máis o número de prazas públicas de atención á discapacidade, ata chegar ás 5.400**
- En relación á nova residencia, agradece a implicación da Fundación Amancio Ortega que construíu o edificio, así como o labor de Aspronaga e das 70 persoas voluntarias que colaboran coa entidade**



O presidente da Xunta participou na apertura da nova residencia de Aspronaga, Martín Pou, en Oleiros, unha obra que pon a disposición 15 novas prazas financiadas ao 100% pola Administración autonómica

Oleiros (A Coruña), 13 de decembro de 2019.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, afirmou que Galicia seguirá sustentando o seu compromiso coa discapacidade en feitos e con máis fondos ca nunca: 115 millóns de euros en 2020, para facer fronte ás necesidades das persoas con discapacidade e as súas familias e de cara á plena inclusión.

“Estamos a falar dun 77% máis do que investía o Executivo autonómico en discapacidade no ano 2009”, recordou, afirmando que a Xunta seguirá apoiando ás entidades, para que poidan prestar cada vez mellor o seu labor imprescindible; reforzando a rede galega de atención temperá, cuxo orzamento se incrementa en máis dun 45% no vindeiro ano; e contando cos fondos necesarios para levar á práctica o primeiro Decreto de concerto social de Galicia que permitirá axilizar e flexibilizar a creación de recursos públicos alá onde se necesiten, ademais de outorgar prioridade ás entidades sociais nos ámbitos onde teñen unha traxectoria que as avala.

Así mesmo, salientou que a Comunidade é unha das autonomías que máis aposta polas prestacións públicas de asistente persoal, ás que destina unha contía récord de ata 1.700 euros ao

mes; incrementou un 25% máis nos últimos dez anos o número de prazas públicas de atención á discapacidade, ata chegar ás 5.400; e puxo en marcha o plan de rescate ás federacións de discapacidade, dotado con 3,6 millóns, para axudar a afrontar o impacto do novo convenio colectivo e para evitar máis de 400 despedidos.

“E investimos 40 millóns de euros cada ano en emprego inclusivo”, engadiu, referíndose tamén ás dúas primeiras oposicións específicas de acceso á Administración para persoas con discapacidade intelectual e á primeira convocatoria do Sergas con 30 prazas de celador.

Durante o acto de apertura da nova residencia de Aspronaga, Martín Pou, en Oleiros, Feijóo aseverou que esta nova infraestrutura pon á disposición 15 novas prazas financiadas ao 100% pola Xunta. E agradeceu a implicación da Fundación Amancio Ortega que destinou 1,5 millóns para a construción deste edificio, que combina comodidade, modernidade e funcionalidade, así como o labor de Aspronaga, unha das maiores entidades de atención á discapacidade intelectual da comunidade, e das 70 persoas voluntarias que colaboran coa entidade.

O presidente do Executivo galego salientou que esta

asociación, que presta servizo a máis de 300 persoas, foron pioneiros en moitos sentidos: en ser a primeira entidade deste ámbito inscrita no Rexistro de Asociación de toda Galicia; en apostar pola educación especial, axeitada ás características de cada un, coa apertura hai 55 anos do colexio Nosa Señora de Lourdes; e en ofrecer ás persoas con discapacidade alternativas de lecer e formación para desenvolverse profesionalmente.

Feijóo concluíu resaltando o inmenso traballo que desenvolven as entidades de atención á discapacidade para loitar contra a sobreprotección e a condescendencia, e para loitar contra o desleixo e a despreocupación, xa que moitas persoas con discapacidade teñen necesidades específicas de apoio ás que é necesario facer fronte. E incidiu na importancia de seguir sumando os compromisos da sociedade civil e das Administracións públicas.

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/discapacidade>

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Galego | Castellano

CONSELLERÍA TEMAS RECURSOS

Inicio > Temas > Discapacidade

Discapacidade

Compartindo "a importancia que para as persoas con discapacidade reviste a súa autonomía e independencia individual, incluída a liberdade de tomar as súas propias decisións"

(Preámbulo da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, ONU 13 de decembro de 2006)

Tes unha dúbida?

Actualidade

A poboación galega que peor o está a pasar diminúe nun 60% nesta lexislatura

- ▶ O número de galegas e galegos con carencia material severa sitúase no 1,6%, fronte ao 5,4% da media española
- ▶ A porcentaxe de fogares con dificultades para chegar a fin de mes baixa ata o 5,2%, o mellor dato de toda a serie histórica
- ▶ Descenden nun 15% as persoas beneficiarias da Risga con respecto ao inicio da lexislatura e xa son 300 aquelas que deixan esta prestación para asinar un contrato de traballo



A conselleira de Política Social, Fabiola García, explicou no Pazo do Hórreo os avances acadados nos últimos anos en materia de inclusión

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2019.-

A conselleira de Política Social, Fabiola García, asegurou no Parlamento de Galicia que o número de persoas con carencia material severa descendeu nun 60% nesta lexislatura, ao pasar de 4,1% en 2016 a 1,6%, catro puntos menos que a media española. Estes datos reflicten que cada vez hai menos galegas e galegos en situación de pobreza, segundo a última Enquisa de condicións de vida do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Na súa intervención, Fabiola García atribuíu estes avances na

loita contra a pobreza e a exclusión á situación de estabilidade económica e política que ten Galicia, o que beneficia directamente á poboación que mais o necesita. Neste sentido, destacou outro indicador do Instituto Galego de Estatística (IGE) segundo o cal os fogares con moitas dificultades para chegar a fin de mes diminuíron ata o 5,2% no terceiro trimestre deste ano, unha baixada de máis de tres puntos con respecto ao trimestre anterior e que supón o mellor resultado de toda a serie histórica.

Tamén se referiu á taxa Arope, baseada fundamentalmente

na ratio de pobreza económica e composta maioritariamente polo volume de persoas que se sitúa por debaixo do 60% da media de ingresos a nivel nacional. En Galicia esta taxa está no 23%, unha cifra dous puntos por debaixo da que había en 2008 nun contexto de bonanza económica antes da crise e de maior dispoñibilidade orzamentaria. Así mesmo, con este 23% a nosa comunidade sitúase tres puntos por debaixo da media nacional.

Contratos laborais para perceptoros da Risga

A conselleira de Política Social apuntou que estes datos poñen de manifesto que Galicia está a avanzar na atención ás persoas en situación ou risco de vulnerabilidade social. De feito, hoxe na comunidade hai un 15% menos de perceptoros da Risga que ao comezo da lexislatura. Ao respecto desta renda de inclusión apuntou que o vindeiro ano a Xunta destinará a esta prestación

64 millóns de euros, tres veces máis que en 2009. Ademais, explicou que as melloras introducidas este ano na Risga fixeron que máis de 300 persoas xa estean a saír progresivamente dela para asinar un contrato de traballo.

Fabiola García mencionou outras accións que se están a levar a cabo no eido da inclusión como o primeiro Plan de atención ás persoas sen fogar; programas contra a pobreza infantil como a Caixa ProInfancia; o complemento autonómico extraordinario en favor das persoas con pensións non contributivas ou o programa Reconduce contra os desafiuzamentos.

Así mesmo, garantiu que o Executivo autonómico seguirá a traballar, da man dos concellos e das entidades sociais, para achegar o benestar a todos os fogares galegos sen excepción. De feito, o orzamento de 2020 destina 120 millóns de euros para combater a pobreza e a exclusión, un 73% máis que hai unha década.

Documentos relacionados:

- ▶ **Riesgo de pobreza o exclusión social (estrategia Europa 2020) (renta año anterior a la entrevista).**

<https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=10011&L=0>

- ▶ **Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia.**

<http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=3385&paxina=001&c=02050151>

- ▶ **Renda de inclusión social de Galicia (RISGA).**

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/inclusion-social/axudas-e-prestacions/renda-de-inclusion-social-de-galicia-risga>

- ▶ **Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023.**

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/recursos/plans-e-programas/plan-de-atencion-de-persoas-sen-fogar-en-galicia-2019-2023>

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/inclusion-social>



A Xunta aproba, un ano máis, o complemento extraordinario de 206 euros para os 38.500 perceptores das pensións máis baixas

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2019.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, informou da aprobación do complemento extraordinario de 206 euros para os perceptores das pensións máis baixas. Un complemento do que se beneficiarán 38.500 galegas e galegos perceptores de pensións non contributivas, do Fondo de Asistencia Social e do Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos.

Sobre este punto, Feijóo destacou a importancia desta axuda

que beneficia a un colectivo que o necesita especialmente e lembrou que non todas as Comunidades Autónomas a manteñen ao non ser obrigatoria a súa existencia.

Ademais, explicou que estes 206 euros serán ingresados de oficio e abonados nun único pagamento nos dez primeiros días do mes de xaneiro. Así se reflicte nos orzamentos de 2020 que contemplan unha partida destinada a esta finalidade.

En definitiva, a Xunta volve demostrar o seu compromiso coas persoas que máis o necesitan, na mesma liña, engadiu,

que o novo decreto da Risga, que se aprobou a principios deste ano e supuxo: un incremento de contías, a flexibilización dos

requisitos de vivenda e o reforzo do potencial desta renda social como ponte cara ao mercado laboral.

Documentos relacionados:

- **Decreto 157/2019, do 12 de decembro, polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas receptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos (DOG, núm. 242 do 20.12.2019).**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191220/AnuncioG0425-181219-0003_gl.pdf

Europa premia a Galicia polo seu traballo a prol da inclusión social

- **A Rede social europea galardoa o programa Nelson Mandela de inserción penitenciaria**
- **A candidatura galega impúxose a outras catro de toda Europa, provenientes de Islandia, Irlanda do Norte, Escocia e Gales**

Bruxelas, 6 de decembro de 2019.- A conselleira de Política Social, Fabiola García, recolleu en Bruxelas o Premio Europeo de Servizos Sociais (European Social Services Awards) polo programa Nelson Mandela, que facilita a reinserción sociolaboral da poboación reclusa. Esta iniciativa leva dez anos funcionando no cárcere de Teixeiro, na Coruña, durante os que axudou a máis de 1.100 persoas a reconstruír as súas vidas despois de saír de prisión. Nos vindeiros meses estenderase tamén ao centro penitenciario da Lama.

A Rede social europea (European Social Network) galardoou o éxito do Nelson Mandela como práctica colaborativa, xa que conta coa colaboración de Institucións Penitenciarias, que facilita o módulo onde se desenvolve o programa, e das administracións locais, que fan o seguimento

social dos exreclusos unha vez saen do centro penitenciario.

A candidatura de Galicia impúxose a outras catro de toda Europa: o concello de Hafnarfjörður, en Islandia; o consello de servizos sociais de Irlanda do Norte; a entidade escocesa Action for Children e Social Care Wales, do País de Gales.

A conselleira agradeceu ao equipo da Rede social europea o seu recoñecemento a un programa que, desde o ámbito rexional, impulsa melloras na inclusión sociolaboral dos internos en centros penitenciarios. Coincidindo coa celebración do Día da Constitución, Fabiola García lembrou que é a propia Carta Magna a que recolle a obriga das administracións de ofrecer aos cidadáns todo o apoio social que precisan, especialmente a aqueles máis vulnerables. Neste sentido, apuntou que "os servizos sociais

non poden ofrecer solucións do século XX a problemas do século XXI".

No ano 2010 o proxecto Nelson Mandela xa fora recoñecido, esta vez por parte do Ministerio do Interior, coa Medalla de Prata ao Mérito Social Penitenciario. Un

ano despois recibiu a visita do, daquela, comisario de Asuntos Sociais da Unión Europea, Lázsló Andor. Ao longo destes dez anos, este programa pioneiro converteuse nun referente europeo, tal e como se evidencia con este galardón.

Documentos relacionados:

- **Vis a Vis: Revista do Módulo 1 "Nelson Mandela". Centro Penitenciario de Teixeiro | Núm. 9, 2018**

https://libreria.xunta.gal/sites/default/files/downloads/publicacion/maqueta_vis_a_vis_no_9.pdf



A conselleira de Política Social, Fabiola García, asistiu no Comité das Rexións á cerimonia de entrega dos Premios Europeos de Servizos Sociais

Actualidade

A Xunta porá en marcha o programa 'Voluntariado no Camiño' para informar aos peregrinos sobre o patrimonio cultural e os servizos de cada zona

- ▶ Permitirá que os camiñantes coñezan na súa viaxe igrexas, castros ou mámoas; así como ofrecerlles información de interese sobre albergues, centros de saúde ou oficinas de turismo
- ▶ As primeiras rutas nas que se aplicará será o Camiño Francés, o Portugués e a Vía da Prata

Padrón (A Coruña), 27 de novembro de 2019.- A Xunta de Galicia porá en marcha o programa Voluntariado no Camiño coa finalidade de informar aos peregrinos do patrimonio cultural e dos servizos existentes en cada zona. A conselleira de Política Social, Fabiola García, e o de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, asinaron un convenio no Santuario da Escravitude que permite o desenvolvemento do programa.

Voluntariado no Camiño procura enriquecer a viaxe dos peregrinos que realizan o Camiño de Santiago, achegándolles información que precisen, e á vez, dar a oportunidade ás persoas voluntarias de ser embaixadoras das rutas xacobeas, ao tempo que adquiren novas habilidades e coñecementos a través dunha experiencia única. De inicio, este programa aplicarase no Camiño Francés, no Portugués e na Vía da Prata, para despois estenderse a todas as rutas.

Esta proposta permitirá a apertura de igrexas e monumentos que reflicten a riqueza do legado histórico e relixioso do Camiño, e que con anterioridade non estaban accesibles aos camiñantes. Ademais, promocionará o patrimonio cultural existente como castros, cruceiros, lavadoiros ou mámoas, e informará aos peregrinos dos servizos dos que dispoñen na súa andaina tales como albergues, oficinas de información ou centros de saúde.

Román Rodríguez salientou que este é un proxecto que recolle á perfección os valores do Camiño de Santiago e que

encaixa cos obxectivos fixados no Plan estratéxico do Xacobeo 21, a folia de ruta do Goberno autonómico para a celebración do vindeiro Ano Santo. "Por un lado esta iniciativa enmárcase no noso obxectivo de fomentar a participación e a implicación de toda a sociedade na celebración do Xacobeo e por outro implica ao voluntariado na difusión e concienciación do retorno cultural e social do Camiño", explicou.

O Goberno galego abrirá nas vindeiras semanas un formulario de inscrición para que todo aquel que queira participar en Voluntariado no Camiño poida anotarse. Para ser voluntario haberá que realizar un curso de formación, ben en liña ou presencial, coa finalidade de que se adquiren os coñecementos necesarios. Será a Xunta de Galicia a que sufrague os diferentes gastos de manutención, seguro, transportes, así como o material que se precise.

Autobús do voluntariado

Fabiola García quixo dar as grazas a todas as persoas voluntarias que fan posible programas como Voluntariado no Camiño e que converten a Galicia na comunidade máis solidaria de España. Ademais, recordou que o 5 de decembro será o Día Internacional do Voluntariado e para conmemoralo o Goberno galego ten en marcha diferentes actividades, como o autobús Engáñchate ao voluntariado, que percorre a comunidade informando dos programas e medidas en materia de voluntariado que están á disposición de todas as persoas.



A conselleira de Política Social, Fabiola García, e o de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, asinaron un convenio no Santuario da Escravitude

Documentos relacionados:

- ▶ Día Internacional do Voluntariado.
<https://www.un.org/es/observances/volunteer-day>
<http://www.voluntariadogalego.org/web/index.php?mod=inf&idc=13>
- ▶ Plan Estratéxico do Xacobeo 2021.
https://www.caminodesantiago.gal/osdam/filestore/1/8/0/5/2_5a5fc6e9ac2518f/18052_80e095ab4232eae.pdf

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

Mapa do portal | Accesibilidade | Contacto

Voluntariado Galego.org 900 400 800 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Directorio	Novas	Avenda	Formación	A lla experiencia	Legislación	Asesoramento	Mapa Web
Entidades	Faite voluntario	Plan e programas	Subvencións	Punto de encontro	Reclutamento	Ligazóns	Contacto

Novas da Dirección Xeral

(05-05-2016)

GG **18, 14 y 15 de Mayo**

PRECISANSE PERSOAS VOLUNTARIAS PARA COLABORAR NO 'GAÍAS GAMING'

Gaías Gaming é un evento multiocho que se vai celebrar no Cidade da Cultura e que ten un trasfondo solidario. Alí durante esta semana ofrécense de ocio distintas á longo dos 3 días que dura o evento, 13, 14 e 15 de Maio.

PETICIÓN DE VOLUNTARIADO

Feijóo avanza a posta en marcha do Plan estratéxico de xuventude 2019-2021, dotado con 410 millóns, para xerar máis e mellores oportunidades en ámbitos como o emprego, a formación ou o rural

- ▶ **Resalta que se trata 125 medidas co obxectivo claro de mellorar as capacidades e habilidades da mocidade no presente e aumentar as súas oportunidades no futuro**
- ▶ **Subliña no ámbito do emprego a creación de novas axudas para obter o permiso de condución, así como o reforzo de programas como Emprural, para facilitar a inserción laboral na economía rural**

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou, na rolda de prensa do Consello, a posta en marcha do Plan estratéxico de xuventude 2019-2021, dotado con 410 millóns de euros, para xerar máis e mellores oportunidades en ámbitos como o emprego, a formación ou o rural.

"Estamos a falar de 125 medidas para actuar en seis ámbitos prioritarios co obxectivo claro de mellorar as capacidades e habilidades da mocidade no presente e para que a xente nova poida ter máis oportunidades

no futuro", dixo, subliñando que estas actuacións estarán distribuídas en 12 eixes, entre os que destacou o emprego, coa creación de novas axudas para obter o permiso de condución B ou C e o reforzo de programas como Emprural, para facilitar a inserción laboral da mocidade na economía rural.

Así mesmo, impulsárase a iniciativa Talento Mozo, con dous alicerces principais: obradoiros e charlas protagonizados por galegos novos que destaquen nalguna área, para que sirvan de referentes e exemplo para outras persoas novas; e, en segundo

lugar, creáranse os Premios Talento Mozo, para distinguir e recoñecer carreiras de éxito da mocidade galega en diferentes ámbitos.

Outras medidas que se porán en marcha están centradas no acceso á vivenda, cunha oficina de emancipación xuvenil virtual para informar sobre as opcións que existen en materia de vivenda e emprego ou a saúde e deporte, con accións orientadas a crear unha cultura da vida saudable desde as idades máis temperás.

No ámbito da participación e asociacionismo, cómpre salientar a extensión progresiva das actividades de lecer e tempo libre ao longo de todo o ano, para evitar que queden restrinxidas aos meses de verán. "E, por outra banda, poremos en marcha o programa Foro Xove, encontros periódicos entre os responsables públicos e persoas mozas para favorecer a

interactuación entre ambos colectivos; así como a creación dunha liña especial do programa Iniciativa Xove -que financia con ata 5.000 euros a posta en marcha de ideas innovadoras- centrada na promoción e dinamización do Camiño de Santiago e o Xacobeo 2021", engadiu.


Así mesmo, o presidente da Xunta destacou o impulso do voluntariado, centrado no Camiño de Santiago; a mobilidade, coa xa anunciada ampliación da Tarxeta Xente Nova para todos os autobuses interurbanos; ademais do compromiso de seguir impulsando medidas encamiñadas a potenciar o uso do galego entre a mocidade, a igualdade e o medio.

O texto continuará a súa tramitación co traslado ao Comité Galego de Políticas de Xuventude para garantir a plena coordinación de todas as administracións públicas.

<http://xuventude.xunta.es/>



<http://www.injuve.es/>



Documentos relacionados:

▶ Plan estratéxico de xuventude.

<http://xuventude.xunta.es/plan-estrategico-de-xuventude-de-galicia>

▶ Proxecto "EMPRURAL: emprendemento xuvenil no rural", edición 2019.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/16714-proxecto-emprural-emprendemento-xuvenil-no-rural-edicion-2019>

▶ Emancipación xove.

<http://xuventude.xunta.es/emancipacion-xove>

▶ Premios Talento Mozo Galicia.

<http://xuventude.xunta.es/component/k2/item/17697-premios-talento-mozo-galicia>

▶ Tarxeta Xente Nova.

<https://tmg.xunta.gal/xente-nova-que-e>

Actualidade

Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

Xaneiro

4 de xaneiro

- Día Mundial do Braille

24 de xaneiro

- Día Internacional da Educación

27 de xaneiro

- Día Internacional de
Comemoración Anual en
Memoria das Vítimas do
Holocausto

Febreiro

6 de febreiro

- Día Internacional de Tolerancia
Cero coa Mutilación Xenital
Feminina

11 de febreiro

- Día Internacional da Muller e a
Nena na Ciencia

20 de febreiro

- Día Mundial da Xustiza Social

Marzo

1 de marzo

- Día da cero Discriminación
(ONUSIDA)

8 de marzo

- Día Internacional da Muller

20 de marzo

- Día Internacional da Felicidade

21 de marzo

- Día Internacional da Eliminación
da Discriminación Racial

- Día Mundial da Síndrome de
Down

24 de marzo

- Día Internacional do Dereito
á Verdade en Relación con
Violacións Graves dos Dereitos

Humanos e da Dignidade das
Vítimas

25 de marzo

- Día Internacional do Recordo
das Vítimas da Escravitude e a
Trata Transatlántica de Escravos

Abril

2 de abril

- Día Mundial de Concienciación
sobre o Autismo

6 de abril

- Día Internacional do Deporte
para o Desenvolvemento e a
Paz

7 de abril

- Día Mundial da Saúde

28 de abril

- Día Mundial da Seguridade e
Saúde no Traballo

29 de abril

- Día de Conmemoración de
todas as vítimas da guerra
química

Maio

15 de maio

- Día Internacional da Familia

21 de maio

- Día Mundial da Diversidade
Cultural para o Diálogo e o
Desenvolvemento

29 de maio

- Día Internacional do Persoal de
Paz das Nacións Unidas

Xuño

1º de xuño

- Día Mundial das Nais e os Pais

4 de xuño

- Día internacional dos Nenos
Vítimas Inocentes de Agresión

12 de xuño

- Día Mundial contra o Traballo
Infantil

13 de xuño

- Día Internacional de
Sensibilización sobre o
Albinismo

14 de xuño

- Día Mundial do Doador de
Sangue

15 de xuño

- Día Mundial de Toma de
Conciencia de Abuso e
Maltrato na Vellez

19 de xuño

- Día Internacional para a
Eliminación da Violencia Sexual
nos Conflitos

20 de xuño

- Día Mundial dos Refuxiados

23 de xuño

- Día Internacional das Viúvas

25 de xuño

- Día da Xente do Mar

26 de xuño

- Día Internacional en Apoio das
Vítimas da Tortura

- Día Internacional da Loita
contra o Uso Indevido e o
Tráfico Ilícito de Drogas

Xullo

2 de xullo (primeiro sábado de
xullo)

- Día Internacional das
Cooperativas

11 de xullo

- Día Mundial da Poboación

15 de xullo

- Día Mundial das Habilidades
da Xuventude

18 de xullo

- Día Internacional de Nelson
Mandela

30 de xullo

- Día Internacional da Amizade
- Día Mundial contra a Trata

Agosto

12 de agosto

- Día Internacional da Xuventude

19 de agosto

- Día Mundial da Asistencia
Humanitaria

23 de agosto

- Día Internacional do Recordo
da Trata de Escravos e da súa
Abolición

30 de agosto

- Día Internacional das Vítimas
de Desaparicións Forzadas

Setembro

5 de setembro

- Día Internacional da
Beneficencia

8 de setembro

- Día Internacional da
Alfabetización

10 de setembro

- Día Mundial para a Prevención
do Suicidio

15 de setembro

- Día Internacional da
Democracia

21 de setembro

- Día Internacional da Paz

Outubro

1 de outubro

- Día Internacional das Persoas de Idade

2 de outubro

- Día Internacional da non Violencia

10 de outubro

- Día Mundial da Saúde Mental

11 de outubro

- Día Internacional da Nena

15 de outubro

- Día Internacional das Mulleres Rurais

16 de outubro

- Día Mundial da Alimentación

17 de outubro

- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

24 de outubro

- Día das Nacións Unidas

24 de outubro

- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento

Novembro

10 de novembro

- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento

16 de novembro

- Día Internacional para a Tolerancia

20 de novembro

- Día Universal do Neno

25 de novembro

- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

29 de novembro

- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino

Decembro

1 de decembro

- Día Mundial da Loita contra a Sida

2 de decembro

- Día Internacional para a Abolición da Escravitude

3 de decembro

- Día Internacional das Persoas con Discapacidade

5 de decembro

- Día Internacional dos Voluntarios

9 de decembro

- Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime

9 de decembro

- Día Internacional contra a Corrupción

10 de decembro

- Día dos Dereitos Humanos

18 de decembro

- Día Internacional do Migrante

20 de decembro

- Día Internacional da Solidariedade Humana

<https://www.un.org/es/observances/braille-day>



Día Mundial do Braille

4 de xaneiro

<https://www.un.org/es/observances/education-day>



Día Internacional da Educación

24 de xaneiro

<https://www.un.org/es/holocaustremembrance/index.shtml>



Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto

17 de xaneiro

<https://www.un.org/es/events/femalegenitalmutilationday/>



Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina

6 de febreiro

<http://www.un.org/es/events/women-and-girls-in-science-day/>



Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

11 de febreiro

<http://www.un.org/es/events/humansolidarityday/>



Día Mundial da Xustiza Social

20 de febreiro

Estatísticas


Padrón de habitantes en 1 de xaneiro de 2019

Real Decreto 743/2019, de 20 de diciembre, por el que se declaran oficiales las cifras de población resultantes de la revisión del Padrón municipal referidas al 1 de enero de 2019 (BOE, núm. 311 de 27.12.2019).

Segundo o Padrón municipal de habitantes e estatística de poboación 2019 do Instituto Nacional de Estatística, o número de persoas empadroadas en Galicia é de 2.699.499, coa seguinte distribución provincial:

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	536.470	583.126	1.119.596
Lugo	159.686	169.901	329.587
Ourense	147.522	160.129	307.651
Pontevedra	455.286	487.379	942.665
Galicia	1.298.964	1.400.535	2.699.499
España	23.042.428	23.983.780	47.026.208

Fonte: Revisión do Padrón municipal a 1 xaneiro 2019 do INE




A poboación por grupos de idade

En Galicia e España a distribución por tramos de idade da poboación residente é a seguinte:


	Total	0-15	16-64	> 64
A Coruña	1.119.366	144.808	699.203	275.355
Lugo	329.469	35.642	197.834	95.993
Ourense	307.547	32.539	178.480	96.528
Pontevedra	942.493	129.307	601.332	211.854
Galicia	2.698.875	342.296	1.676.849	679.730
España	47.007.367	7.356.931	30.594.856	9.055.580

Fonte: Estatística do Padrón Continuo. Datos provisionais a 1 de xaneiro de 2019 do INE



Pirámide de poboación galega 1996-2001-2019


Idade	1996			2019 Provisional		
	Homes	Mulleres	TOTAL	Homes	Mulleres	TOTAL
0-4	52.394	49.635	102.030	48.913	45.988	99.240
5-9	63.911	61.151	125.062	56.682	53.168	113.670
10-14	82.142	78.537	160.678	59.032	56.116	110.557
15-19	110.772	106.713	217.485	55.864	52.653	105.210
20-24	111.666	108.621	220.287	55.215	52.877	112.726
25-29	102.331	102.537	204.869	63.266	61.464	129.838
30-34	96.251	97.545	193.796	72.910	72.677	159.602
35-39	95.463	96.375	191.838	95.814	95.465	210.539
40-44	87.523	87.270	174.793	113.002	113.546	223.107
45-49	85.813	86.218	172.031	106.129	108.475	212.286
50-54	80.234	82.547	162.781	101.140	105.086	199.825
55-59	67.179	74.022	141.202	94.903	99.908	192.504
60-64	81.471	92.488	173.959	86.071	92.781	172.699
65-69	69.827	83.700	153.526	77.961	85.955	162.876
70-74	54.881	73.823	128.704	72.495	85.011	151.989
75-79	37.752	59.633	97.385	53.307	68.433	113.795
80-84	24.023	44.487	68.510	43.868	65.890	120.483
85 e máis	16.713	36.974	53.687	42.055	84.755	116.754



Envelhecimento da poboación

Galicia é, sen dúbida, unha comunidade moi envellecida, que presenta unha proporción de maiores de 65 anos do 24,59% (a española, sendo das máis vellas do mundo, sitúase no 18,60%). As provincias de Lugo e Ourense presentan unha situación preocupante, con taxas do 28,79% e 30,88% respectivamente.

	Total	> 64		
		Homes	Mulleres	Total > 64
A Coruña	1.119.366	116.425	158.930	275.355
Lugo	329.469	42.018	53.975	95.993
Ourense	307.547	41.638	54.890	96.528
Pontevedra	942.493	89.605	122.249	211.854
Galicia	2.698.875	289.686	390.044	679.730
España	47.007.367	3.911.133	5.144.447	9.055.580



Estas porcentaxes foron en aumento ao longo dos anos, así, desde 2010 a evolución das persoas maiores en Galicia e en España é a seguinte:

Ano	España	Porcentaxe	Galicia	Porcentaxe
2010	7.931.164	16,87 %	619.708	22,15 %
2011	8.093.557	17,15 %	629.477	22,52 %
2012	8.222.196	17,40 %	635.879	22,86 %
2013	8.335.861	17,69 %	640.263	23,15 %
2014	8.442.427	18,05 %	648.045	23,58 %
2015	8.573.985	18,39 %	655.907	24,01 %
2016	8.657.705	18,60 %	661.310	24,33 %
2017	8.764.204	18,82 %	665.939	24,59 %
2018	8.908.151	19,07 %	672.930	24,91 %
2019	9.055.580	19,26 %	679.730	25,18 %

Fonte: Elaboración propia. Estadística do Padrón Continuo. Datos provisionais a 1 de xaneiro de 2019 do INE

Proxeccións de poboación 2018-2033

Segundo as proxeccións de poboación, 2018-2033 do INE, a poboación maior de 65 anos en Galicia superará as 800 mil persoas no ano 2033, cun crecemento global do 19,5%.


Ano	España	Porcentaxe	Galicia	Porcentaxe
2019	9.112.849	19,44 %	679.282	25,19 %
2020	9.260.094	19,67 %	685.448	25,49 %
2021	9.426.879	19,93 %	691.764	25,79 %
2022	9.604.990	20,22 %	699.430	26,15 %
2023	9.816.629	20,59 %	707.736	26,54 %
2024	10.037.313	20,97 %	716.538	26,96 %
2025	10.266.497	21,37 %	725.667	27,39 %
2026	10.507.316	21,80 %	735.755	27,87 %
2027	10.740.447	22,21 %	745.094	28,33 %
2028	10.981.805	22,65 %	754.095	28,78 %
2029	11.238.510	23,12 %	763.141	29,24 %
2030	11.521.256	23,64 %	773.134	29,75 %
2031	11.788.976	24,14 %	783.040	30,26 %
2032	12.054.834	24,64 %	793.373	30,79 %
2033	12.329.504	25,15 %	804.384	31,36 %

Fonte: Proxeccións de poboación. 2018-2033 do INE. Elaboración propia

En Galicia e España a distribución por tramos de idade da poboación proyectada en 2033 é a seguinte:

	Total	0-15	16-64	> 64
A Coruña	1.073.931	113.932	628.849	331.149
Lugo	304.240	31.990	167.989	104.261
Ourense	281.452	25.692	153.299	102.461
Pontevedra	905.571	98.470	540.588	266.513
Galicia	2.565.194	270.084	1.490.726	804.384
España	49.016.091	6.498.900	30.187.687	12.329.504

Fonte: Proxeccións de poboación. 2018-2033 do INE. Elaboración propia



Alertas

Alertas bibliográficas

Publicacións periódicas

• + Calidade

<https://www.socialasturias.es/pluscalidad>

Periodicidade semestral (a partir de 2015). Data de inicio: n. 1- (2º trim. 2012)

ISSN: 2254-1357. D.L.: AS/0668 2012

Edita: Consejería de Servicios y Derechos Sociales del Principado de Asturias. Dirección General de Planificación, Ordenación e Innovación Social.

A revista + Calidade é unha revista electrónica de carácter científico, orientada á publicación de artigos de investigación ou de reflexión académica, científica e profesional no ámbito dos servizos sociais, desde unha perspectiva multidisciplinar. É unha revista de acceso aberto, e dirixida a todas as persoas e entidades que traballan e investigan no campo dos servizos sociais.

Os obxectivos que pretende cumprir a publicación son:

- Proporcionar un marco para a reflexión e a análise en materia Servizos Sociais.
- Producir coñecemento teórico e aplicado en materia de Servizos Sociais baixo uns criterios de calidade científica.
- Facilitar un espazo para a publicación daqueles traballos de investigación por parte de profesionais especializados na materia.

+ Calidade é unha iniciativa que nace no ano 2012, e xéstase coa idea de fomentar o intercambio de información, coñecemento e boas prácticas entre os profesionais dos servizos sociais do Principado de Asturias. Ata o ano 2017 a publicación realízase a través de formato pdf, que na actualidade pódense consultar no apartado "números anteriores" e onde se van a seguir recompilando, nese formato, os seguintes números que se vaian publicando.

No ano 2018 dáse un xiro á publicación, e decídese publicalo en formato Web, que achegará numerosas vantaxes á publicación:

- Facilita o posicionamento web de cada artigo da publicación, xa que cada un deles vai asociado a unha información específica (título, descripción, palabras clave...), que permite aos buscadores recuperalos individualmente e proporcionará unha maior difusión.
- Existe a posibilidade de incluír "contido extra" como incorporación de vídeos, enlaces, animacións, arquivos descargables, de acceso inmediato, que o transforman nun medio dinámico.
- Permite a valoración individual de cada artigo e inclúe a posibilidade de realizar comentarios converténdoo nun medio participativo

Últimos nºs publicados:

https://www.socialasturias.es/servicios-sociales/revista--calidad/numeros-antteriores_593_1_ap.html

- Nº 19 (2º sem. 2018)
- Nº 20 (1º sem. 2019)
- Nº 21 (2º sem. 2019)

• Actas de Coordinación Sociosanitaria

<https://www.fundacioncaser.org/actividades/actas-de-coordinacion-sociosanitaria/actas-de-coordinacion-sociosanitaria-n-25>

Depósito Legal: M-9549-2011. ISSN: 2529-8240

Periodicidade: semestral desde 2018. Título anterior: Actas de la Dependencia (periodicidade cuatrimestral)

Data de inicio: 2011-

Edita: Fundación Cáser

La Revista Actas de Coordinación Sociosanitaria en sus diferentes ediciones incluye artículos y estudios de actualidad en el área socio-sanitaria, y la evolución de esta área en el ámbito de la salud y la sociedad actual.

El carácter divulgativo de la revista y el estar implicados en la eliminación de todo tipo de barreras, los contenidos de la revista se editan también en versión de lectura fácil.

Último nº publicado: Año VII, nº 25 (Nov. 2019):

- Actas de Coordinación Sociosanitaria, número 25, completa

https://www.fundacioncaser.org/sites/default/files/adjuntos/fcaser_actas25_noviembre2019.pdf

- Lectura Fácil

https://www.fundacioncaser.org/sites/default/files/adjuntos/fcaser_actas25_nov2019_2512_lectura-facil.pdf

• Boletín documental Gizarteratuz

<https://www.sis.net/es/publicaciones/gizarteratuz/>

Periodicidade bimestral. Data de inicio: n. 1- (2010-)

ISSN: 2171-2778

Edita: Siis, Centro de Documentación y Estudios da Fundación Eguía Careaga e Gobierno Vasco, Departamento de Empleo e Asuntos Sociales.

Boletín documental sobre Servizos Sociais e Intervención Social editado desde xaneiro de 2010 polo Siis en colaboración co Departamento de Empleo e Políticas Sociais do Gobierno Vasco para achegar aos profesionais do sector toda a información, investigación e documentación que se xera no ámbito dos servizos sociais.

Consta de varias seccións: Novedades, Investigaciones, Bibliografía, Herramientas, Agenda

Últimos nºs publicados:

- nº 61 (sept.-oct. 2018):

<https://www.sis.net/documentos/gizarteratuz/gizarteratuz61.pdf>

- nº 62 (nov.-dec. 218):

<https://www.sis.net/documentos/gizarteratuz/gizarteratuz62.pdf>

- nº 63 (En.-Febr. 2019):

<https://www.sis.net/documentos/gizarteratuz/gizarteratuz63.pdf>

- nº 64 (Marzo-Abril 2019):

<https://www.sis.net/documentos/gizarteratuz/gizarteratuz64.pdf>

• Comunitania. Revista internacional de trabajo social y ciencias sociales

<http://www.comunitania.com/>

ISSN-e: 2173-0520. ISSN: 2173-0512

DOI: <http://dx.doi.org/10.5944/comunitania>

Data de inicio: 2011-

Edita: UNED, Universidad Nacional de Educación a Distancia: Facultad de Derecho (<http://portal.uned.es/portal/p...>)

Universitas Editorial (<http://www.universitas.es>)

Periodicidade: semestral

Comunitania es una revista académica que tiene dos objetivos básicos. En primer lugar, publicar artículos de la máxima calidad y relevancia científica, en el ámbito del Trabajo Social y las Ciencias Sociales. En segundo lugar, convertirse en un foro de debate en el que se puedan abordar los principales retos para la investigación en el ámbito del Trabajo Social y las Ciencias Sociales. Comunitania tiene una clara vocación internacional, tanto en la composición de su consejo editorial, como en el interés por publicar investigaciones rigurosas realizadas en cualquier lugar en el ámbito del Trabajo Social y las Ciencias Sociales.

Últimos nºs publicados:

- Nº. 15 (2018)

<http://www.comunitania.com/numero-15/>

- Nº 16 (2018)

<http://www.comunitania.com/numero-16/>

- Nº 17 (2019)

<http://www.comunitania.com/numero-17/>

- Nº 18 (2019)

<http://www.comunitania.com/numero-18/>

• Revista Diecisiete

<http://plataforma2030.org/index.php/revista-diecisiete/presentacion-revista>

ISSN-e: en tramitación

Data de inicio: n. 1- (2019-)

Edita: Centro de Innovación de Tecnología para el Desarrollo Humano (itd) de la Universidad Politécnica de Madrid y Acción contra el Hambre.

Periodicidade: cuatrimestral

A Revista Dezasete nace dunha colaboración entre o Centro de Innovación de Tecnoloxía para o Desenvolvemento Humano (itd) da Universidade Politécnica de Madrid e Acción contra a fame. Nace coa intención de ser un vehículo para apoiar a difusión de estudos e investigacións interdisciplinares sobre a transformación cara á sustentabilidade, nas súas tres dimensións: social, ambiental e económica.

Obxectivos da revista

Esta publicación ten a vocación de contribuír, desde a ciencia, a

investigación e a difusión do coñecemento, á consecución da Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable de Nacións Unidas. A Revista Dezasete nace para promover os estudos e as investigacións interdisciplinares, que hoxe son necesarias para interpretar e abordar as profundas transformacións que esixe esta Axenda. É, por tanto, un medio pensado para investigadores e autores de calquera campo de coñecemento, comprometidos coa transformación cara á sustentabilidade, que estean a desenvolver métodos de traballo, investigacións ou innovacións baseadas na colaboración con outros campos diferentes e complementarios aos da súa especialización.

Último núm publicado:

- nº. 1 (2019)

<http://plataforma2030.org/index.php/revista-diecisiete-1/advanced-search/32>

• Pedagogía Social. Revista interuniversitaria

<https://recyt.fecyt.es/index.php/PSRI/issue/view/3368/showToc>

ISSN: 1139-1723. ISSN-e: 1989-9742. Doi: 10.7179/PSRI

Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 3.0 España.

Periodicidade semestral. Inicio: nº 1- (1986-).

Edita: Asociación Iberoamericana de Pedagogía Social.

Revista científica periódica, de carácter semestral, editada de forma ininterrompida desde 1986 pola Asociación Iberoamericana de Pedagogía Social. O fin principal da Revista é a difusión dos resultados de investigación orixinal que se realizan tanto a nivel nacional como internacional sobre Pedagogía Social e Educación Social, constituindo un medio de expresión para a publicación de traballos de acreditada calidade científica dirixidos a profesionais, profesorado dos diferentes niveis educativos, e/ou investigadores en xeral interesados nos diferentes aspectos da realidade social e educativa.

Trátase dunha publicación bilingüe (español ou portugués e inglés) cuxos traballos son arbitrados e avaliados por expertos externos.

Desde o ano 2012 a revista édítase exclusivamente en formato electrónico (e-1989-9742) e conta co Selo de Calidade Editorial e Científica das Revistas Científicas Españolas outorgado en 2010 por FECYT .

Últimos nºs publicados:

- nº. 32 (xullo-dec. 2018):

<https://recyt.fecyt.es/index.php/PSRI/article/view/66908/40562>

<https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/500857>

- nº 33 (Xan._xuño 2019):

<https://recyt.fecyt.es/index.php/PSRI/issue/view/3453/showToc>

<https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/511817>

- nº 34 (xullo-dec. 2019):

<https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/530344>

Alertas

Alertas bibliográficas

• **Revista Española de Discapacidad**

<https://www.cedd.net/redis/index.php/redis/index>

ISSN: 2340-5104. DOI: <http://dx.doi.org/10.5569/2340-5104>. NIPO: 689-15-006-1

Periodicidade: Semestral. Inicio: 2013-

Edita: Centro Español de Documentación sobre Discapacidad (CEDD) e Fundación Eguía Careaga, Siis - Centro de Documentación y Estudios e Real Patronato de Discapacidad

Licenza CC de recoñecemento, non comercial e sen obra derivada (By-nc-nd)

A Revista Española de Discapacidad (REDIS) é unha revista electrónica de carácter científico, orientada á publicación de artigos de investigación ou de reflexión académica, científica e profesional no ámbito da discapacidade, desde unha perspectiva multidisciplinar. É unha revista de acceso aberto, revisada por pares e dirixida a todas as persoas e entidades que traballan e investigan no campo da discapacidade. A súa periodicidade é semestral.

REDIS está coordinada e editada polo Centro Español de Documentación sobre Discapacidad (CEDD) e promovida polo Real Padroado sobre Discapacidade e a Dirección Xeral de Políticas de Apoio á Discapacidade do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Últimos nºs publicados:

- Vol. 6 Núm. 2 (2018):

https://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/540/pdf_132

- Vol. 7 núm. 1 (Junio-Nov. 2019):

<https://www.cedd.net/redis/index.php/redis/article/view/584/358>

• **Revista sobre la infancia y la adolescencia**

<https://polipapers.upv.es/index.php/reinad>

<https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=22829>

ISSN-e: 2174-7210

Periodicidade: Semestral. Inicio: 2011-

Edita: Universitat Politècnica de València. Servizo de Publicacións

Esta revista publícase baixo unha licenza de Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 4.0 Internacional

A revista preséntase como un foro permanente de discusión e reflexión, no que se dan cita profesionais e investigadores, tanto de España como do resto do mundo, que traballan con menores ou constitúen o seu obxecto de estudo, respectivamente Editorial

Últimos nºs publicados:

- nº. 15, 2018:

<https://polipapers.upv.es/index.php/reinad/issue/view/857>

<https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/500953>

- nº 16 (2019):

<https://polipapers.upv.es/index.php/reinad/issue/view/891/232>

- nº 17 (2019):

<https://polipapers.upv.es/index.php/reinad/issue/view/issue/914/268>

<https://dialnet.unirioja.es/ejemplar/530186>

• **Zerbitzuan. Revista de Servicios Sociales**

<http://www.zerbitzuan.net/presentacion.php?op=2>

ISSN: 1134-7147, doi: 10.5569/1134-7147. DL: SS 101-1986

Periodicidade cuatrimestral. Inicio: nº 0- (1987-).

Edita: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco

Licenza: Licencia Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0).

Zerbitzuan é unha revista especializada na análise dos servizos e as políticas de benestar social e promovida pola Viceconsellería de Asuntos Sociais do Goberno Vasco. O SIIS Centro de Documentación e Estudos da Fundación Eguía Careaga elabora a revista e editase a través do Servizo Central de Publicacións do Goberno Vasco.

Zerbitzuan comezou a editarse en 1986, con vocación de converterse nunha plataforma de debate para profesionais, membros de asociacións e colectivos de usuarios de servizos sociais. Ao longo de quince anos, entre 1986 e 2001, publicáronse 39 números máis da revista. Durante eses anos, os anos de consolidación do sistema vasco de servizos sociais, Zerbitzuan configurouse como un dos principais foros de debate e información sobre servizos sociais en Euskadi, e como unha das escasas revistas especializadas na materia dispoñibles en todo o Estado español.

